

A forma de coñecemento da noticia. Un capítulo da socioloxía do coñecemento¹.

Robert E. Park

Resumo:

Segundo as categorías de William James, o “coñecemento de” é coñecemento formal; a “familiaridade con” é coñecemento asistemático, intuitivo ou “sentido común”. Cando se consideran esas dúas formas coñecemento a xeito de puntos dun *continuum*, as noticias adquiren tamén un punto característico da súa cualidade transitoria e efémera. A medida en que circulen as noticias determina o grao no que os membros da sociedade participan na acción política. As noticias son “algo que dará para falar”, tenden a ter carácter de documento público e caracterízanse por se limitar a acontecementos que comportan cambios súpetos e decisivos. A atención exclusiva a algunhas cousas inhibe as respostas a outras e ten por resultado a limitación da gama e do carácter das noticias ás que unha sociedade pode responder colectiva ou individualmente. A función das noticias é orienta-lo home e maila sociedade no mundo actual.

I

Segundo observaron William James e mais outros autores, hai dous tipos fundamentais de coñecemento, nomeadamente, (1) “familiaridade con” e (2) “coñecemento de”. A distinción suxerida parece ben obvia. Nembargante, por mor de facela un pouco máis explícita, non teño dúbida de que vou ser inxusto co sentido do orixinal. De ser así, ó interpreta-la distinción, non fago máis ca apropiarma. A afirmación de James é, en parte, a seguinte:

Hai dous tipos de coñecemento que se poden distinguir en termos xerais e na práctica: podemos chamalos respectivamente coñecemento por familiaridade e coñecemento de... Nas mentes capaces de falar hai, ben é certo, algún coñecemento relativo a cada cousa. Polo menos, poden clasificarse as cousas, e poden describirse os momentos e veces das correspondentes aparicións. Mais, xeralmente, canto menos analizamos unha cousa, e canto menos percibimos as relacións que mantén, menos sabemos dela e máis é a familiaridade que temos con ela do tipo de “familiaridade con”. Os dous tipos de coñecemento son, logo, no que atinxe ó exercicio que deles fai a mente humana, termos relativos. Quere dicir, o mesmo pensamento dunha cousa pode chamarse “coñecemento de” en comparanza cun pensamento máis sinxelo, ou “familiaridade con” por comparanza cun pensamento sobre ese mesmo asunto que sexa aínda máis articulado e explícito.”²

Sexa como for, a “familiaridade con”, segundo o senso que lle quero dar á expresión, é a caste de coñecemento que un adquire inevitablemente no curso dos encontros persoais e de primeira man co mundo que o arrodea. É o coñecemento que se adquire co uso é que ten pouca importancia en calquera tipo de investigación formal ou sistemática. En tales circunstancias, chegamos finalmente a coñecer-las cousas non só por medio dos nosos sentidos específicos, senón polas respostas de todo o organismo. Nese caso, coñecemos-las cousas igual ca coñecemos-las cousas ás que estamos acostumados, nun mundo ó que nos axustamos. Con efecto, tal caste de coñecemento, pode concebirse como se fose unha forma de axuste orgánico ou de adaptación, pode dicirse tamén que representa certa acumulación e, para o dicir dalgún

¹ Park, R. E. “News as a form of knowledge: a chapter in the sociology of knowledge”, *American Journal of Sociology*, 1940, vol. 45, pp. 669-686.

² William James, *The Principles of Psychology* (New York: Henry Holt & Co., 1896), I, 221-22.

xeito, certa provisión dunha serie longa de experiencias. Esta caste de coñecemento persoal e individual é a que fai que cada quen se sinta coma en casa nun mundo no que elixe ou está condenado a vivir.

Resulta notorio que os seres humanos, que de por parte son as máis móbiles das criaturas vivintes, tendan a virar arraigados dun xeito ou doutro, coma as prantas, en lugares e asociacións ás que se acostuman. Se esa acomodación do individuo ó habitat pode considerarse algún xeito de coñecemento, probablemente se inclúa no que chamamos tacto ou sentido común. As devanditas son características que os individuos adquiren de maneiras informais e inconscientes mais, en canto se adquiren, tenden a virar propiedades persoais e privadas. Poderíase mesmo chegar a describilas a xeito de riscos da persoalidade - algo que, sexa como for, non se pode formular ou comunicar ben dun individuo a outro por medio de enunciados formais.

Outras formas de “familiaridade con” son: (1) o coñecemento clínico, polo menos na medida en que é produto da experiencia persoal; (2) as habilidades e mailo coñecemento técnico; e (3) todo o que se aprende por experimentación inconsciente e non dirixida, como é o caso do contacto e manipulación de obxectos.

O coñecemento doutras persoas e da natureza humana en xeral parece deste tipo. Coñecemos outras mentes de xeito moi parecido a como coñecemos-la propia, quere dicir, intuitivamente. Decote coñecemos outras mentes mellor cá nosa, porque a mente non é o puro fluxo de consciencia no que todos nós ollamos cando, introspectivamente, volvemo-la atención ós propios pensamentos. A mente é mais ben as tendencias de actuación diverxentes das que cada un de nós é máis ou menos inconsciente, incluída a habilidade de controlar e dirixir esas tendencias segundo algún obxectivo máis ou menos consciente. Os humanos teñen unha habilidade extraordinaria, polo mecanismo que sexa, para sentir esas tendencias noutros individuos tanto coma neles propios. Con todo, leva moito tempo virar plenamente familiarizado con calquera ser humano, incluídos nós propios, e a caste de coñecemento desta familiaridade non consiste obviamente na caste de coñecemento do comportamento humano que obtemos dos experimentos no laboratorio de psicoloxía. Parécese máis ó coñecemento que ten o vendedor dos compradores, o político dos clientes, ou ó coñecemento que o psiquiatra acada dos pacientes no esforzo de entendelos e curalos. Parécese aínda máis á caste de coñecemento que se encarna no hábito, no costume e, eventualmente (por certo proceso de selección natural que non acabamos de entender), no instinto; é unha caste de memoria social³ ou hábito. O coñecemento desta caste, se é que hai que lle chamar coñecemento, vira, ó cabo, segredo persoal do individuo ou dote especial da raza ou grupo que o ten⁴.

Poderíase aventurar, quizais, esa afirmación á vista de que o tipo de intuición ou coñecemento instintivo descrito parece xurdir de procesos que son substancialmente coma as acomodacións e adaptacións que, por algunha caste de selección natural, produciron as diferentes variedades raciais da humanidade do mesmo xeito cás especies de prantas e animais. Poderíase obxectar que o un quere dicir con coñecemento é precisamente o que non se herda nin se pode herdar. Por outra banda, é certo que algunhas cousas apréndense dun xeito moito máis doado ca outras. Entón, o que un herda non é, quizais, nada que se poida chamar propiamente coñecemento. Trátase máis ben da habilidade herdada para adquirir esas formas específicas de coñecemento que chamamos hábitos. Parece haber gran diferenza entre individuos, familias e grupos xenéticos no que atinxe á habilidade para aprenderen cousas específicas. Probablemente, a intelixencia natural non é a cousa que poidan facer cre-los tests de intelixencia. Na medida en que isto sexa verdade, os estudos sobre intelixencia do futuro estarán, no meu ver, máis preocupados polas idiosincrasias da intelixencia e polas curiosas maneiras individuais nas que as mentes individuais acadan resultados que son esencialmente iguais, en troques de ocuparse prioritariamente en medir e estandarizar tales resultados.

É obvio que esa capacidade “sintética” (quere dicir, o coñecemento que vira el propio encarnado no hábito e no costume, por oposición ó coñecemento analítico e formal) non parece que sexa articulado e comunicable. De se dar comunicado, será en forma de máximas ou consellos prácticos, mais do que en forma de hipóteses científicas. Con todo, a familiaridade grande e íntima cos homes e as cousas parece o cerne dos xuízos máis honestos nas cuestións prácticas, como tamén a fonte desas corazonadas das que dependen os expertos en situacións de perplexidade e desas intuicións súpetas que, na evolución da ciencia, tan decote son preludio de descubertas importantes.

³ O orixinal pon “*racial memory*”.

⁴ O biólogo adoita pensar no desenvolvemento a xeito de algo moi diferente desa modificación do comportamento pola experiencia, mais de tempo en tempo apuntouse a idea de que a base do herdo e o desenvolvemento é fundamentalmente semellante á memoria... Visto desa maneira, o curso todo do desenvolvemento é ou proceso de aprendizaxe psicolóxica, que comeza coa sinxela experiencia da exposición diferencial a un factor externo e que experimenta modificacións unha tras outra, a xeito de experiencias novas na vida dun organismo ou das partes en relación con outros acontecementos (C. M. Child, *Psychological Foundations of Behaviour*, pp. 248-49; citado por W. I. Thomas in *Primitive Behavior* [New York: McGraw-Hill Book Co., 937], p. 25).

En contraste con isto, hai a caste de coñecemento que James chama “coñecemento de”. Tal caste de coñecemento é formal, racional e sistemático. Fúndase na observación e nos feitos, pero en feitos que se que comprobán, etiquetan, distribúen e, ó cabo, clasifican segundo esta ou aquela perspectiva, segundo o propósito e punto de vista do investigador.

O “coñecemento de” é coñecemento formal; quere dicir, coñecemento que acadou certo grao de exactitude e precisión ó substituí-las ideas pola realidade e as palabras por cousas. As ideas non só constitúen o marco lóxico do coñecemento sistemático todo, senón que entran na mesma natureza das propias cousas das que se ocupa a ciencia (a ciencia natural, para se distinguir da ciencia histórica). De feito, pode haber tres tipos fundamentais de coñecemento científico: (1) filosofía e lóxica, que se ocupan primordialmente de ideas; (2) historia, que se ocupa primordialmente de feitos; e (3) as ciencias naturais ou clasificatorias que se e ocupan primordialmente de cousas.

Os conceptos e mailos artefactos lóxicos, como é o caso do sistema numérico, non están envoltos no fluxo xeral de acontecementos e cousas. Precisamente por esa razón serven admirablemente para marcar e facer cálculos cos que identificar, describir, e, ocasionalmente, medi-las cousas. O fin último das ciencias naturais parece se-lo de substituí-lo fluxo de acontecementos e o carácter cambiante das cousas por unha fórmula lóxica na que o carácter xeral das cousas e maila dirección do cambio poida describirse con precisión lóxica e matemática.

A vantaxe de substituí-lo verdadeiro curso dos acontecementos por palabras, conceptos e orde lóxica é que a orde conceptual fai que a verdadeira orde sexa intelixible, e, na medida en que as formulacións hipotéticas que chamamos leis se conformen ó verdadeiro curso dos acontecementos, vira posible predicir dende certo presente certa condición futura das cousas. Permítenos especular con certa seguridade como é que, e en qué medida, certa interferencia ou intervención específica na situación presente pode determinar a situación predestinada a sucedela.

De por parte, sempre se dá a tentación de establecer un divorcio completo entre a descrición lóxica e verbal dun obxecto ou dunha situación e a realidade empírica á que se refire. Parece que ese foi o erro principal da escolástica. A escolástica tendeu invariablemente a substituí-la relación entre as cousas, que é a relación causa-efecto, pola é relación entre ideas, que é a consistencia lóxica.

A ciencia empírica e experimental evita a solución puramente lóxica dos problemas polo recurso de contrastar en certo punto ou momento os seus cálculos co mundo verdadeiro. Unha ciencia puramente intelectual sempre corre o risco de vir tan plenamente despegada das cousas que os símbolos cos que funciona non son máis ca xoguetes mentais. Nese caso, a ciencia vira unha caste de xogo dialéctico. É un perigo ó que as ciencias sociais nunca escaparon enteiramente, na medida e que se prepararon para formular e investigar problemas sociais nas formas en que os definiran convencionalmente algunhas axencias administrativas ou institucións de goberno. A investigación, logo, tendeu invariablemente a colle-la forma da procura de feitos máis ca da propia investigación ou cuestionamento. Atopados os feitos, as axencias tiñan capacidade de fornece-las correspondentes interpretacións; con todo, eran decote interpretacións que estaban implícitas nas políticas nas que estaban metidas as axencias ou institucións.

As devanditas son algunhas das características xerais do coñecemento sistemático e científico, o “coñecemento de”, en contraste co coñecemento concreto, co senso común e maila “familiaridade”. Nembergante, a característica singular do coñecemento científico, en contraste con outras formas de coñecemento, é que se pode comunicar nunha medida que non se dá acadado nin transmisión do sentido común nin na transmisión do coñecemento baseado na experiencia práctica ou clínica. É comunicable porque os correspondentes problemas e solucións fórmulanse non puramente en termos lóxicos e intelixibles, senón en formas que se poden comprobar por experimento ou por relación coa realidade empírica á que refiren os termos.

Por mor de facer iso posible, cómpre describir en detalle e en cada paso a fonte e maneira en que os feitos e achados se obtiveron orixinalmente. O “coñecemento de”, polo menos na medida en que é científico, vira desa maneira parte da herdanza social, *corpus* de feitos probados e acreditados en teoría na que os novos incrementos, engadidos á provisión orixinal, tenden a comprobarse, afirmarse ou cualificarse, en primeiro lugar, en cada ciencia en particular e, ó cabo, nas ciencias colindantes, en todo o que foi aportación de investigadores anteriores.

Por outra banda, a familiaridade, segundo a tentei caracterizar, fundaméntase na acumulación lenta de experiencia e na acomodación gradual do individuo ó seu mundo individual e persoal e devén, segundo dixen, cada vez máis plenamente idéntica ó instinto e á intuición.

O “coñecemento de” non é puramente experiencia acumulada, senón resultado da investigación sistemática da natureza. Fundaméntase nas respostas a preguntas determinadas que lle facemos ó mundo que nos arrodea. É coñecemento que se procura metódicamente con todo o aparello lóxico e formal que creou a investigación científica. Debería engadir, entre parénteses, que non hai, en xeral, método científico que sexa enteiramente independente da intuición ou da visión que nos reporta a familiaridade coas cousas. O certo é máis ben que, en circunstancias normais, o máis que poden aporta-los métodos

formais á investigación é a axuda que lle supoñen ó investigador á hora de obter feitos que farán posible contrasta-las devanditas intuicións e corazonadas que o investigador xa tiña ó inicio ou que acadou despois, no curso das investigacións.

Unha das funcións deste procedemento metódico é protexe-lo investigador dos perigos dunha interpretación á que pode levalo a procura do coñecemento ardorosa de máis. De por parte, non hai procedemento metódico ningún que substitúa á intuición.

II

Adoita asumirse que o que aquí se describe a xeito de “familiaridade con” e “coñecemento de” son formas de coñecemento diferentes (formas que teñen funcións diferentes nas vidas dos individuos e da sociedade), máis ca coñecemento do mesmo tipo pero con graos diferentes de precisión e validez. Con todo, non son tan diferentes no carácter nin na función (pois son, ó cabo, termos relativos), como para que non se poidan concebir xuntos formando un *continuum* (un *continuum* no que tódalas castes e tipos de coñecemento terían lugar). En tal *continuum* as noticias teñen lugar propio. É obvio que as noticias non son coñecemento sistemático, coma as ciencias físicas. Son, máis ben, en canto teñen relación cos acontecementos, coma a historia. Os acontecementos, por estar invariablemente fixos no tempo e localizados no espacio, son únicos e non poden, logo, clasificarse, como é o caso das cousas. As cousas non só se moven no espacio e cambian co tempo senón que, á respecto da organización interna, sempre están en certa condición de equilibrio máis ou menos estable.

As noticias non son historia, e os feitos ós que se refiren non son feitos históricos. As noticias non son historia porque, entre outras razóns, tratan, en conxunto de feitos illados e non procuran relacionalos con ningún outro a xeito de secuencias causais ou teleolóxicas. A historia non só describe os acontecementos, senón que procura polos no lugar correspondente dentro da sucesión histórica, e, ó facer tal, decubri-las tendencias subxacentes e as forzas que atopan expresión nelas. De feito, un non se trabucaría moito ó asumir que a historia ocúpase tanto das conexións dos acontecementos (da relación entre incidentes que preceden e os que seguen) coma dos propios acontecementos. Por outra banda, o informador, a diferenza do historiador, procura só rexistrar cada acontecemento singular tal e como acontece e preocúpase do pasado e do futuro só na medida en que deita luz no que é verdadeiro e presente.

A relación dun acontecemento co pasado segue a se-la tarefa do historiador, mentres que a significación a xeito de factor determinante do futuro pode deixarse quizais á ciencia da política (ó que Freeman chama “política comparada”⁵), quere dicir, á socioloxía ou a algunha outra división das ciencias sociais, que, por medio de estudos comparativos, procura chegar a declaracións abondo xerais para dar apoio a unha hipótese ou predicción⁶.

A noticia, en canto forma de coñecemento, non se ocupa primordialmente nin do pasado nin do futuro, senón máis ben do presente (do que os psicólogos describirion a xeito de “presente especioso”). Pódese dicir que as noticias só existen nesa caste de presente. O que aquí se quere dicir coa expresión “presente especioso” suxíreo o feito de que as noticias, coma ben saben os editores de prensa comercial, son mercadoría moi perecedeira. As noticias sono só ata que chegan ás persoas para as que teñan “interese noticioso”. En canto se publican e se lles reconece a significación, o que era noticia vira historia.

A cualidade transitoria e efémera forma parte da propia esencia das noticias e está intimamente conectada con tódolos outros caracteres que exhibe. Os diferentes tipos de noticias teñen diferentes formas de difusión. Na forma máis elemental, unha noticia informativa é lostregazo puro a anunciar que aconteceu un feito. Se o acontecemento resulta ter verdadeira importancia, o interese levará a investigacións ulteriores, á familiaridade máis completa coas circunstancias concomitantes. Nemborgante, os acontecementos deixan de ser noticia en canto a tensión que crearon cesa e a atención pública se dirixiu cara a outro aspecto do habitat ou cara a outro incidente suficientemente novo, excitante ou importante para mante-la atención.

⁵ Edward A. Freeman, *Comparative Politics* (London, 1873).

⁶ O punto de vista sociolóxico aparece na investigación histórica en canto o historiador pasa do estudo dos “períodos” ó estudo das institucións. A historia das institucións (quere dicir, da familia, da igrexa, das institucións económicas, das institucións políticas, etc.) leva inevitablemente á comparanza, clasificación e formación de nomes de clases ou conceptos e eventualmente á formulación de leis. Nese proceso a historia vira historia natural, e a historia natural pasa a ser ciencia natural. Dito en poucas palabras, a historia vira socioloxía (R. E. Park e E. W. Burgess, *Introduction to the Science of Sociology* [Chicago: University of Chicago Press, 1921], p. 16).

A razón de que nos chegue unha noticia, en circunstancias ordinarias, non coa forma dunha historia continuada senón dunha serie de incidentes independentes fica clara cando un se decata do feito de que o que nos ocupa é a mente pública (ou o que se chama mente pública). O coñecemento na forma máis elemental chega ó público non coa forma dunha percepción (como fai cando chega ó individuo), senón coa forma dunha comunicación, quere dicir, dunha noticia. Nembergante, en condicións normais, a atención pública oscila, é vacilante, insegura, distraese doadamente. Cando a mente pública divaga, a relación, os rumores, “radio macuto” ou aquilo que asegura a transmisión das noticias entre o público deixa de funcionar, reláxase a tensión, ráchase a comunicación e o que eran noticias en vivo viran fríos feitos.

Un asunto noticioso, como ben sabe todo xornalista, lese en proporción inversa á lonxitude ou tempo que ocupa. O lector ordinario lerá unha columna e a metade dos sumarios de dúas ou tres liñas verbo de homes e cousas da súa cidade antes de ler un artigo de interpretación, por moito que este se anuncie nos titulares, de non ser que o artigo non só sexa noticia senón tamén unha historia, quere dicir, algo do que técnicamente se chama asunto de “interese humano”.

As noticias chégannos en forma de comunicacións pequenas e independentes que se poden comprender doada e rapidamente. De feito, as noticias desenvolven dalgún xeito para o público as mesmas funcións que a percepción desenvolve para o individuo, quere dicir, non informan tanto coma orientan ó público, dando noticia de toda e cada cousa que pasa. Fano sen que haxa esforzo ningún do informador por interpeta-los acontecementos dos que informa, con excepción do necesario para que os acontecementos sexan comprensibles e interesantes.

A primeira reacción típica dun individuo ás noticias é o desexo de llas repetir a alguén. Dan pé á conversa, producen outros comentarios e quizabes fan que comece algunha discusión. Nembergante, o que é singular nelas é que, en canto deron comezo á discusión, os acontecementos que se discuten deixan de ser noticia e, en canto as interpretacións dun acontecemento difiren, a discusión volve das noticias ás cuestións ás que dan pé. O choque de opinións e sentimentos que invariablemente produce a discusión remata decote nunha caste de consenso ou opinión colectiva (o que chamamos opinión pública). É sobre a interpretación dos acontecementos presentes, quere dicir, sobre as noticias, sobre o que se asenta a opinión pública.

A medida en que as noticias circulan, dentro dunha unidade política ou dunha sociedade política, determina o grao en que se poida dicir que os membros de tal sociedade participan, non na vida colectiva (que é un termo máis amplo) senón nos actos políticos. A acción política e o poder político, segundo se adoitan entender estes termos, fúndanse obviamente non só neses concerto e consenso na medida en que se poidan dar nunha grea, horda ou multitude. Parece que dependen, ó cabo, da habilidade da sociedade política para actuar non só concertadamente senón consistentemente segundo algún obxectivo consciente e en persecución dalgún fin racional, independentemente dos recursos militares ou materiais dos que dispoña. Seica o mundo da política fundaméntase, igual ca dixo Schopenhauer do mundo en xeral, na relación orgánica de vontade e idea. Hai moitos outros recursos do poder político que son, abofé, meramente instrumentais.

Freeman, o historiador, dixo que a historia é política do pasado e que a política é a historia do presente. A frase pon gran cantidade de verdade en poucas palabras, aínda que a declaración necesita na práctica certa extensión e algunha precisión. As noticias, malia estar íntimamente relacionadas coa historia e maila política, non son nin historia nin política. Porén, son a materia que fai a acción política posible, a diferenza doutras formas de comportamento colectivo.

Entre as outras formas de comportamento colectivo están as formas recoñecidas e convencionais da expresión ceremonial e relixiosa (a etiqueta e mailo ritual relixioso) que, en canto crean unanimidade e manteñen a moral, xogan directa e indirectamente unha función importante na política e na acción política. Sen embargo, a relixión non ten a conexión íntima coa política que teñen as noticias. As noticias son fenómeno puramente secular.

III

Hai un proverbio que di que o inesperado acontece sempre. Á vista de que o que acontece é o que fai que haxa noticias, conclúese, ou parece que se conclúe, que as noticias teñen sempre ou xeralmente relación co inhabitual e o inesperado. Parece que mesmo o acontecemento máis trivial, en canto represente algunha desviación do ritual acostumado ou da rutina da vida diaria, pode aparecer na prensa. Esta concepción das noticias é a que viñeron confirmado os directores que, en competencia pola difusión e as entradas de publicidade, tentaron facer que os xornais fosen agudos e interesantes, cando non podían

ser invariablemente informativos ou emocionantes. Nos esforzos por instilar nas mentes dos informadores e dos correspondentes a importancia de procurar sempre e por todas partes algunha cousa que poida excitar, divertir ou sorprenden ós lectores, os directores e editores de xornais puxeron en circulación algúns exemplos interesantes do que os alemáns chamaron *geflügelte Wörter*, “verbas con ás”. O epigrama máis difundido e repetido para describi-las noticias é este: “Un can morde un home”, non é noticia. Sen embargo “Un home morde un can”, si que é”. *Nota bene!* A importancia intrínseca dun acontecemento non é o que fai noticioso. Trátase máis ben de que o acontecemento é tan infrecuente que, de se publicar, ha sorprenden, divertir ou, doutro xeito, excitar ó lector de maneira que se lembrará e repetirá. Logo as noticias son, ó cabo, o que dixo Charles A. Dana: “algo que dá para que a xente fale”, mesmo cando non fai que a mesma xente actúe.

O feito de que as noticias circulen normalmente de xeito espontáneo e sen axuda adicional ningunha (como tamén sen inhibición nin censura) parece o responsable doutra das características que teñen, a diferenza doutros tipos de coñecemento que teñen relación con elas pero que son menos auténticos (nomeadamente o rumor e maila leria). Para que unha información de acontecementos poida te-la cualidade de noticia, non só ten que circular (posiblemente en circuitos e canles marxinais) senón que ten que ser publicada, se é necesario polo diario da cidade ou pola prensa pública. Esa publicación tende a lle dar á noticia algo do carácter de documento público. A noticia resulta máis ou menos probada polo feito de que se expoña ó exame crítico do público ó que se dirixe e por ter relación cos intereses dese público.

Entón, o público que, por consentimento común ou por fracaso á hora de protestar, pon o selo de aprobación á información publicada non lle dá á súa interpretación a autoridade dunha declaración que se suxeitase á crítica histórica experta. Todo público ten prexuízos locais e limitacións. Un exame máis exhaustivo dos feitos ben podería revelar a unha mente máis crítica e ilustrada a credulidade infantil e mailas nesgas e inclinacións dunha opinión pública pouco sofisticada. Con efecto, o infantilismo e maila credulidade que así se revelan poden virar dato histórico e sociolóxico importante. Con todo, isto non deixa de ser máis ca unha ilustración do feito de que cada público ten o seu propio universo de discurso e que, humanamente falando, un feito é só un feito nun universo de discurso⁷.

Deita boa luz sobre a natureza das noticias a consideración dos cambios que teñen lugar na información que se pon a circular sen a sanción da publicidade. Nese caso, a información, que xorde dalgunha fonte non declarada e que viaxa cara a destino descoñecido, acumula invariablemente detalles das contribucións inocentes máis nomeadamente ilícitas dos que asisten á viaxe. En tales circunstancias, o que ó principio era puro rumor tende a asumir, co tempo, o carácter dunha lenda, quere dicir, algo que todos repiten pero ninguén cre.

Cando, por outra banda, as informacións sobre sucesos se publican cos nomes, datas e lugares que permiten a calquera comprobalos, a atmosfera de lenda que arrodea e viste de detalles fantásticos as noticias no relato orixinal desprégase e, entón, o que é feito, ou ha pasar por feito, ata que o corrixan outras informacións, redúcese a algo máis prosaico cá lenda e máis auténtico cás noticias, quere dicir, ó feito histórico.

Aínda que sexa o inesperado o que acontece, non é o plenamente inesperado o que se convirte en noticia. Os acontecementos que foron noticia noutrora, coma na actualidade, son certamente cousas esperadas. Son cuestións caracteristicamente sinxelas e tópicas, como é o caso de nacementos e mortes, bodas e funerais, as condicións das colleitas e os negocios, a guerra, a política e o tempo. Son cousas esperadas, mais son ó mesmo tempo cousas impredecibles. Son incidentes e oportunidades, casos que se dan nas voltas da vida.

O feito é que a cousa que é noticia é o interese noticioso, e iso, segundo sabe todo director ou editor, é unha cantidade variable (unha cantidade que ten que se estimar ou calcular dende á hora en que o director de información local senta na mesa pola mañá ata o momento e que o editor de noite pecha a derradeira información). A razón disto é que o valor das noticias é relativo, e un acontecemento que se dá despois pode diminuí-lo valor dun acontecemento anterior, coma decote acontece. Nese caso, o asunto menos importante ten que deixar lugar ó derradeiro e máis importante.

As anécdotas de “créalo ou non” que se dan nas noticias, teñen valor para os editores porque sempre se poden facer caer das páxinas para deixar lugar a cousas máis candentes e urxentes. Sexa como for, en conxunto, as cousas que son noticia son accidentes e incidentes para os que o público está preparado: victorias ou derrotas no campo de xogo ou de batalla, cousas que un teme e cousas que se degoran. Nembargante, é difícil de entender, considerando o número de persoas que morren e se firen anualmente

⁷ Un universo de discurso é, segundo o uso ordinario do termo, nada máis có termo dun vocabulario especial que se entende ben e resulta apropiado a circunstancias específicas. Con todo, pode que no caso dalgunha ciencia inclúa un corpus de termos ou conceptos máis precisamente definidos, que nese caso tenderán a ter carácter máis ou menos sistemático. A historia, por exemplo, case non emprega conceptos especiais. En canto os conceptos asumen carácter sistemático, tenden a constituír un “marco de referencia”.

en accidentes de coche (o número de mortos en 1938 foi 32600) que esa grande perda de vidas humanas raramente vire noticia de primeira páxina. Seica a diferenza está en que se chegou accepta-lo coche a xeito de característica permanente da vida civilizada, pero a guerra non.

A noticia, logo, polo menos no sentido estricto do termo, non é unha historia nin unha anécdota. É algo que ten para a persoa que a escoita ou le certo interese que é pragmático máis do que apreciativo. A noticia, típicamente, se non sempre, límitase ós acontecementos que supoñen cambios súpetos e decisivos. Pode tratarse dun incidente coma o da familia de negros de Filadelfia, Frances e Ben Mason, que gañaron hai pouco unha fortuna nas loterías irlandesas⁸. Pode tratarse dun incidente trágico coma a batalla na costa do Uruguai na que se afundiou o destructor alemán “Graf Spree”, do que se suicidou o capitán. Eses acontecementos non só foron noticias (quere dicir, cousas que comportan cambios súpetos e decisivos na situación previa), senón que, tal e como se narraron nos xornais e pola forma en que reflexionamos sobre eles, tenden a asumir certa significación nova e ideal: un deles vira historia de interese humano xenuíno, o outro convírtese en traxedia, nalgo que, que, para usa-la frase de Aristóteles, inspira “piedade e terror”. Os acontecementos dese tipo adoitan lembrarse. Ocasionalmente, poden virar lendas e rexistrarse nas baladas populares. As lendas e baladas non necesitan datas nin nomes de persoas ou lugares que as autentifiquen. Viven e sobreviven nas nosas memorias e nas do público por mor do interese humano. Xa non existen á maneira de acontecementos. Sobreviven como unha caste de símbolo fantasmal de algo que ten interese universal e perenne, coma unha representación ideal do que é verdade a respecto da vida e maila natureza humana en todas partes.

Parece logo que as noticias, en canto forma de coñecemento, contribúen por medio do rexistro de acontecementos non só á historia e á socioloxía, senón tamén ó folclore e maila literatura; contribúen non só ás ciencias sociais, senón tamén ás humanidades.

IV

O horizonte sociolóxico abriuse recentemente a novas dimensións. A antropoloxía social, xa non só interesada na sociedade primitiva, comezou a estudar non só a historia, senón a historia natural e a función das institucións. Ó facer tal, foise apropiando cada vez máis do campo sociolóxico de estudo e investigación. De xeito semellante, a psiquiatría descubriu que as neuroses e psicoses son doenzas dunha personalidade que é ela propia produto dun medio social creado pola interacción de personalidades. Entrementes, xurdiu nos Estados Unidos e en Europa unha socioloxía do dereito que concibe a xeito de produtos naturais as normas que os tribunais tentan racionalizar, sistematizar e aplicar en casos específicos. Finalmente, houbo algúns intentos interesantes de trae-lo propio suxeito do coñecemento ós propios límites da disciplina sociolóxica.

Houbo teorías do coñecemento dende os tempos de Parménides. Nembergante, estaban menos interesadas no coñecemento que é dato do que na verdade ou coñecemento válido que é idea e ideal. A cuestión da que se ocupa a socioloxía do coñecemento non é a de qué constitúa a validez do coñecemento (do establecemento dun principio ou dun feito), senón cales son as condicións nas que xorden os diferentes tipos de coñecemento e cales son as funcións de cada un.

As máis das formas de coñecemento que acadaron a dignidade de ciencia son, no curso da historia da humanidade, de orixe moi recente. Unha das formas máis temperás e elementais de coñecemento é a noticia. Houbo unha época, non tan distante, na que non había filosofía, historia nin coñecemento racional de caste ningunha. Había só mito, lenda e maxia. Ata o renacemento, non houbo o que arestora chamamos ciencias exactas. As ciencias sociais, se podemos dicilo atrangallando, non existiron ata hai cincuenta anos. Polo menos, só dende hai medio século comezaron a acadar, co uso da estatística, algo parecido á precisión científica.

A noticia, na medida en que se poida considerar forma de coñecemento, probablemente sexa tan vella coma a humanidade, quizabes máis. Os animais inferiores non carecían dunha caste de comunicación que non difería das noticias. O “co” da pita enténdeno os pitos por perigo ou comida, e responden en consecuencia.

Non quere isto dicir que toda caste de comunicación nun rabaño ou grea teña o carácter das noticias. O que se comunica de xeito ordinario é unha caste de excitación contaxiosa (por veces só certo sentido de benestar e seguridade na asociación gregaria da grea, doutras veces certo senso de desacougo e inqueda, manifestado e decote intensificado nas conexións da grea). Parece que esa excitación social

⁸ Véxase *Time*, 25 de decembro de 1939, p. 12.

omnipresente, esencial para a existencia da grea a xeito de unidade social, serve, tamén, para facilita-la comunicación de noticias, ou do que a lles sexa equivalente na vida da grea.

Na fala mariñeira hai unha expresión, “a flota formada”, que vén significando, ó que parece, que os barcos que constitúen a flota están en comunicación e quizabes suficientemente mobilizados para levar a cabo algunha caste de acción concertada. Podería aplicárselle a mesma expresión á comunidade, á sociedade ou a unha grea. Unha sociedade “está formada” cando os individuos que a compoñen están ata tal grao en relación que, sexan ou non capaces de acción unida ou colectiva, pódense describir como se participasen nunha existencia común ou colectiva. En tal caste de sociedade, tódolos que participan na vida común tenden a estar envoltos, como se nunha atmosfera for, nunha excitación social difusa que lle dá certa dirección e tendencia ós intereses e actitudes dos individuos. É como se os individuos desa sociedade estivesen dominados por un sentimento ou estado de ánimo común que determina para eles o grao e carácter dos seus intereses e as actitudes ou tendencias a actuar. A ilustración máis clara desta escura tendencia social ou estado de ánimo nunha comunidade é a influencia persistente e omnipresente da moda.

Algunhas veces e en certas condicións esa excitación colectiva, tan esencial para a comunicación cando non para o entendemento, acada un nivel de intensidade máis alto e, ó facelo, tende a limita-lo grao de resposta mais tamén a incrementa-la intensidade dos impulsos non tan inibidos. O efecto disto é o mesmo ca no caso da atención do individuo. A atención exclusiva posta nalgunha cousa inhibe as respostas a outras. No caso dunha sociedade, significa certa limitación da gama, grao e carácter das noticias ás que responderá colectivamente ou individuo por individuo.

O ascenso da tensión social pode observarse da forma máis elemental na grea cando, por calquera razón, está desacougada e comeza a se remexer. Elévese a tensión segundo medra o desacougo. O efecto é como se o remexerse producise na grea un estado de expectación que, segundo medra con intensidade, fai medrar tamén a certeza de que nese momento calquera incidente, tanto un trono coma o chasquido dunha ponla, faría que a grea saíse en estampida.

Cos públicos pasa algo parecido. Segundo se eleva a tensión, estréitanse os límites do interese público, e a gama de acontecementos á que responde o público é limitada. Limítase a circulación de noticias; cesa a discusión e medra a certeza dalgún tipo de acción. O estreitamento do foco de atención pública tende a incrementa-la influencia da persoa ou persoas dominantes na comunidade. Nembargante, a existencia dese dominio depende da habilidade da comunidade, ou dos seus guieiros, para mante-la tensión. É así como xorden os ditadores e como se manteñen no poder. É iso o que explica tamén que as ditaduras teñan necesidade dalgunha caste de censura.

Seica as noticias circulan na sociedade só cando hai certo grao de relación e certo grao de tensión. Sen embargo, o efecto das noticias de fóra do círculo do interese público é dispersa-la tención e, no facer iso, anima-los individuos a actuar segundo a propia iniciativa, máis do que atendendo á do partido ou personalidade dominante.

En circunstancias ordinarias (en tempos de paz, máis do que en tempos de guerra ou revolución) as noticias tenden a circular nun área que se amplía progresivamente, segundo os medios de comunicación se multiplican. Seguen a darse cambios da sociedade e das institucións, mais danse paulatinamente e de xeito máis ou menos imperceptible. Noutras condicións (en guerra ou revolución) os cambios danse violenta e visiblemente, pero de xeito catastrófico.

A permanencia das institucións en condicións ordinarias depende da habilidade que teñen, ou da habilidade da comunidade da que forman parte, para se adaptar ós cambios técnicos ou a outros menos obvios. Sen embargo, eses cambios e as correspondentes consecuencias maniféstanse nas noticias non só directamente, senón máis ben indirectamente. Institucións coma a Igrexa católica ou o Estado xaponés foron capaces de sobrevivir a cambios drásticos das condicións de existencia, non só ós cambios físicos que se lles impuxeron máis obviamente, senón ós cambios anunciados e reflectidos nas noticias.

Indicara a función das noticias no mundo da política, na medida en que fornecen a base para as discusións nas que se forma a opinión pública. As noticias xogan un papel case tan importante no mundo das relacións económicas, poilo prezo das mercadorías, incluídos diñeiro e seguros, rexístranse no mercado mundial e en cada un dos mercados locais dependendo das noticias.

Os cambios das moedas son tan sensibles en calquera parte do mundo que cada fluctuación da moda ou do tempo parece reflectirse nos prezos das moedas. Dixen que as noticias son fenómeno secular. Porén, hai tempos nos que os cambios son tan grandes e catastróficos que os individuos e os pobos xa non se interesan nos asuntos mundanos. Nese caso, a xente, vendo frustradas ambicións e esperanzas, desatende o mundo dos asuntos seculares e procura abeiro e consolo escapando do grande mundo pró mundiño da familia ou da igrexa. A función da noticia é orienta-las persoas e a sociedade no mundo actual. Na medida en que teña éxito, tende a preserva-la saúde do individuo e maila permanencia da sociedade.

Aínda que as noticias sexan produto de comunicación máis temperá e elemental cá ciencia, non ficaron superadas e obsoletas. Todo o contrario, a importancia das noticias medrou paralelamente á expansión dos medios de comunicación e ó incremento da ciencia.

As melloras dos medios de comunicación cooperaron con vastas acumulacións de coñecemento en bibliotecas, museos e sociedades instruídas para facer posible a interpretación máis rápida, coidadosa e plena dos acontecementos segundo se van dando. O resultado é que as persoas e mailos lugares, noutrora remotos e lexendarios, sonlle agora familiares a tódolos lectores dos xornais.

Con efecto, a multiplicación de medios de comunicación fixo que calquera, mesmo no lugar máis afastado do mundo, poida agora participar nos acontecementos (cando menos en calidade de oínte, se non é de espectador) segundo están a se desenvolver noutro lugar do mundo. Hai pouco escoitamos a Mussolini dirixirse ós seguidores fascistas dende un balcón de Roma, escoitamos a Hitler dirixirse por riba das cabezas da devota congregación do Reichstag en Berlín non ó Presidente, senón ó pobo dos Estados Unidos de América. Tivemos mesmo a oportunidade de escoita-los termos do decisivo acordo de Munich dez segundos antes de que o asinaran os representantes de catro das potencias principais de Europa e do mundo. O feito de que actos tan decisivos poidan consumarse tan rápida e públicamente, mudou súpeta e completamente o carácter da política internacional, de xeito que un non dá sabido que é o que garda o futuro para Europa e o mundo.

No mundo moderno, o papel das noticias foi collendo importancia máis crecente ca minguanxe en comparanza con outras formas de coñecemento, como é o caso da historia, por exemplo. Os cambios nos anos recentes foron tan rápidos e drásticos que o mundo moderno parece que perdese a perspectiva histórica, parece que vivamos día a día no que antes chamei un “presente especioso”. En tales circunstancias parece que a historia se le ou escribe nomeadamente para nos capacitar, pola comparanza do presente co pasado, para entende-lo que está a acontecer máis do que para saber, segundo nos contaron os historiadores, “qué pasou de verdade”.

Velaí logo que Elmer Davis nun artigo recente da *Saturday Review* anuncia a xeito de “lectura obrigatoria” para 1939 dous libros: o *Mein Kampf* de Hitler e a *Historia da Guerra do Peloponeso* de Tucídides (431, a. c.). Recomenda a *Historia da guerra do Peloponeso* porque, segundo di, “Tucídides non só foi un analista brillante do comportamento humano individual e colectivo” senón que foi tamén “un grande informador.”⁹

Apreciase tamén que é característico dos nosos tempos o feito de que, des que as noticias, segundo se contan nos xornais estadounidenses, tenden a asumi-lo carácter de literatura, os relatos de ficción (que son, despois dos xornais, a forma máis popular de literatura), colleron cada vez máis a forma das noticias.

As novelas de Zola eran no esencial informes sobre os costumes de Francia do mesmo xeito cas *Uvas da ira* de Steinbeck se cualificaron de reportaxe que fai época sobre a vida dos vendimadores dos Estados Unidos.

Seica a nosa é unha época de noticias, e un dos acontecementos máis importantes da civilización estadounidense foi o ascenso dos informadores.

⁹ “Required Reading,” *Saturday Review of Literature*, October 14, 1939.